

**ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 15 DE MAIO DO 2020.****Sesión 03/2020-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D<sup>a</sup> María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Cotelo D<sup>a</sup> María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día venres 15 de maio do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen da fe do acto, reúnense por videoconferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión telemática extraordinaria e urxente prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	---

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión telemática o Presidente e cédelle a palabra á Secretaria, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio español sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

**1º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

A Secretaria procede a dar lectura á xustificación da urxencia da sesión que consta no expediente:

<<XUSTIFICACIÓN DE ALCALDÍA DA URXENCIA DO PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 15.05.2020.

Esta alcaldía aos efectos establecidos no art. 79.1 do ROF xustifica a urxencia da sesión e que, como consecuencia, non se ditaminen os asuntos pola comisión informativa, en que:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



- Están previamente tratados en Xunta de portavoces e hai acordo unánime en actuar de forma urxente e extraordinaria ante a situación excepcional xerada pola crise sanitaria do coronavirus COVID-19, dunha magnitude enorme que afectou e sigue afectando a un elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, económicas e sociais, que requiren a intervención urxente e a adopción de medidas extraordinarias por parte das entidades locais para minimizar a incidencia no tecido productivo local, e reducir o impacto social causado por esta pandemia.

- Ademais é preciso dotar de crédito determinadas actuacións municipais que dependen de trámites doutras administracións, para que estas podan continuar cos expedientes>>.

Non habendo intervencións, sométese a votación a urxencia da sesión resultando aprobada por unanimidade dos membros asistentes.

## 2º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 05/20. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/20: MEDIDAS COVID-19.

Dáse lectura pola secretaria da proposición da Alcaldía do 12 de maio do 2020, que recolle:

<<Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir referido a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.

Segundo.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 05/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 1.000.000 €. En aplicación do artigo 177.6 do TRLFL o acordo será inmediatamente executivo:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.22199	Seguridade. Outras subministracións	11.000,00
135.22199	Protección civil. Outras subministracións	35.000,00
2310.22743	Asistencia social. SAF libre concorrencia	70.000,00
2310.48001	Asistencia social. Axudas emerxencia social	30.000,00
311.22199	Protección salubridade. Outras subministración	26.000,00
439.47900	Comercio, turismo, PEMES. Outras subvencións a empresas privadas	800.000,00
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	28.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>1.000.000,00</b>

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1.000.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>1.000.000,00</b>

Terceiro.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo; en caso contrario, deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes ao da presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a resolución ao recorrente dentro do dito prazo.

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia>>.

Debátense polos representantes dos distintos grupos municipais:

A sra. Nogareda, de Alternativa dos Veciños, di que son medidas para axudar á reactivación económica, paliar a brecha social e garantir a seguridade; anuncia o voto favorable do seu grupo.

A sra. Reimúndez, do BNG, fai unha exposición sobre as previsións que queren poder asumirse polas dúas concellerías delegadas do seu grupo e finaliza anunciando o seu voto favorable.



A sra. Pardo, do grupo municipal Socialista, amosa o seu acordo coas medidas, di que se debora fomentar o asociacionismo para traballar cos sectores empresariais e anuncia o voto favorable do seu grupo.

A sra. Salorio, do PP, expón un posible problema de forma pola ausencia dun informe de legalidade, indica que hai un risco de desequilibrio orzamentario, propón se é posible votar por separado os 800.000 euros de promoción económica e os 200.000 euros restantes da proposición; logo das aclaracións da Secretaria, propón deixar sobre a mesa os 800.000 euros e que se vote o resto.

A sra. Taibo, de Sadamaioría, fai unha pormenorizada exposición da acción do goberno nesta crise sanitaria, que traballa principalmente en tres frentes: 1º rescate das persoas máis vulnerables; 2º defensa do emprego e do tecido comercial e empresarial de Sada e 3º) máxima protección fronte ao contaxio. Remata dicindo que esperaban o respaldo unánime da Corporación, aludindo á intervención do grupo do PP.

O Presidente agradece o diálogo e a colaboración de todos os grupos ante a necesidade de implementar un plan de choque como o que se trae a esta sesión malia a incerteza do alcance final das consecuencias sanitarias, económicas e sociais desta crise da COVID-19, fronte ao que entende que hai que actuar de maneira clara e contundente arriscando nunha aposta forte co obxecto de protexer aos colectivos máis vulnerables.

A sra. Salorio defende a colaboración do seu grupo pero distingue que a subvención a fondo perdido está ben para os casos de emerxencia social, para atender as necesidades básicas das familias, mentres que para as achegas de liquidez a autónomos e pequenas empresas considera que o adecuado é o crédito, que podería regresar no futuro. Reivindica tamén o papel da Xunta de Galicia no subministro do material de protección e expón un posible erro nos datos das horas dadas para a axuda a domicilio tamén pola Xunta e as realizadas.

A sra. Reimúndez aclara o exposto con respecto da axuda a domicilio.

O Presidente defende a responsabilidade que ten que afrontar o Concello e o complicado de tramitar expedientes de préstamos fronte a inmediatez da inxección de liquidez coas subvencións e que iso pode contribuír nunha suma de esforzos complementarios que teñen que efectuar todas as administracións implicadas; remata solicitando o apoio de todos os grupos.

A Secretaria fai unha intervención por unha cuestión de procedemento para a votación, de se manter unha petición en firme polo grupo do PP ha de votarse antes que a proposta de acordo o que quede sobre a mesa a mesma ou unha parte do proposto.

A sra. Salorio ratifica a posición do seu grupo para separar o contido da proposición para votar nesta sesión.

A continuación procédese en primeiro lugar á votación para deixar sobre a mesa o proposto sobre os 800.000 euros (Comercio, turismo, PEMES. Outras subvencións a empresas privadas), obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 PP.
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir referido a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.



Segundo.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 05/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 1.000.000 €. En aplicación do artigo 177.6 do TRLFL o acordo será inmediatamente executivo:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.22199	Seguridade. Outras subministracións	11.000,00
135.22199	Protección civil. Outras subministracións	35.000,00
2310.22743	Asistencia social. SAF libre concorrencia	70.000,00
2310.48001	Asistencia social. Axudas emerxencia social	30.000,00
311.22199	Protección salubridade. Outras subministración	26.000,00
439.47900	Comercio, turismo, PEMES. Outras subvencións a empresas privadas	800.000,00
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	28.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1.000.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Terceiro.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo; en caso contrario, deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes ao da presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a resolución ao recorrente dentro do dito prazo.

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia.

### **3º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 06/20. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 03/20: CONVENIO MELLORA FUNCIONAMENTO HIDRÁULICO RÍO MAIOR.**

Dáse lectura pola secretaria da proposición da Alcaldía do 12 de maio do 2020, que recolle:

<<Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento básico dos servizos dado que en tanto non se proceda á súa aprobación definitiva non poderá continuarse co resto de trámites do convenio por outras administracións.

Segundo.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 6/2020, de transferencia de crédito segundo detalle que segue:

Aplicacións que ceden crédito

Aplicación	Denominación	Importe
338.22626	Festas	75.000,00



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000004

<b>TOTAL</b>		<b>75.000,00</b>
<i>Aplicacións que incrementan crédito</i>		
<i>Subconcepto</i>	<i>Denominación</i>	<i>Importe</i>
1729.22706	Outras actuacións en medioambiente. Estudos e traballos técnicos	75.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>75.000,00</b>

Terceiro.- *Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

Cuarto.- *Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor>>.*

Debátense polos representantes dos distintos grupos municipais:

A sra. Nogareda (AV) logo de afirmar que todos os grupos comentaron no pasado a necesidade e a urxencia de acometer esta mellora anuncia o voto favorable do seu grupo.

A sra. Reimúndez (BNG), en idéntico sentido, anuncia tamén o voto favorable do seu grupo.

A sra. Pardo (PSOE) entende que é un paso necesario para intentar resolver os problemas dos asolagamentos en Sada e anuncia o voto favorable do seu grupo.

A sra. García (PP) expón que están a favor de axudar a quen o necesite, que presentaron propostas hai mes e medio, expón varios exemplos que a levan a dicir que o equipo de goberno está falto de eficacia e que non comparten que os fondos para esta obra saian exclusivamente da partida de festas, que ben poderían saír tamén doutras, citando algunhas, e remata dicindo que por todo o exposto pero a sabendas de que se vai aprobar anuncia a abstención do seu grupo.

O sr. Fariña (SM) aféalle ao grupo do PP que volva perder unha oportunidade histórica de amosar unanimidade co resto dos grupos neste punto como no anterior, así como que se escandalicen por uns retrasos cando o PP gobernou moitos anos no Concello, na Deputación e máis na Xunta sen facer nada para solucionar este problema do Río Maior mentres que este goberno municipal cunha Xunta do PP, unha Deputación do PSOE e un goberno de coalición en Sada acada un acordo para os efectos; anuncia que o seu grupo ha votar a favor.

O Presidente di que a proposta deste convenio é do 12 de maio do 2016. Alégrase de que haxa por fin un recoñecemento por parte de todos de que hai un problema, amosa o seu agradecemento ás outras administracións e a todos os grupos e espera que se vote a favor da aprobación do punto para poder ter a disposición os cartos na parte que lle toca ao Concello.

A sra. García contesta ao sr. Fariña criticando as obras realizadas polo equipo de goberno, di que en cinco anos que levan gobernando Sada asolagouse dúas veces como nunca antes tiña pasado, desliga aos actuais representantes do seu grupo da actuación que recoñece e chama chapuza urbanística efectuada no pasado que di que obriga a abrir as comportas mentres non se dea unha solución e afirma que o seu grupo o que pide é unha axilidade e eficacia que non se están a producir, polo que anuncia que se han abster.

O Presidente volve agradecer a colaboración de todas as Administracións e que di que agarda asinar canto antes o convenio e cumprir na parte que lle toca ao Concello.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento básico dos servizos dado que en tanto non se proceda á súa aprobación definitiva non poderá continuarse co resto de trámites do convenio por outras administracións.

Segundo.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 6/2020, de transferencia de crédito segundo detalle que segue:

Aplicacións que ceden crédito

Aplicación	Denominación	Importe
338.22626	Festas	75.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>75.000,00</b>

Aplicacións que incrementan crédito

Subconcepto	Denominación	Importe
1729.22706	Outras actuacións en medioambiente. Estudos e traballos técnicos	75.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>75.000,00</b>

Terceiro.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 03 minutos do día venres 15 de maio do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder na seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).